



**Elena Rivo López**  
Comisionada de  
Coordinación  
Institucional da  
Universidade de Vigo

# A universidade e o futuro de Galicia

**N**on é doado falar do futuro cando xa está a suceder, e de forma acelerada. Primeiro foi a crise económica da segunda década do século; despois a pandemia, unha catarse global cun final, a quinta onda, que non esperabamos, e que está a atrasar a normalidade desexada. Dous acontecementos nunha década que convulsionaron as nosas institucións e a nosa vida. Ante esta situación, a ciencia respondeu cunha eficacia espectacular, logrando unha vacina dispoñible sen transcorrer aínda un ano da pandemia. Os recursos necesarios para que isto sucedese e para atender e curar as persoas enfermas foron inxentes, como o foi o esforzo do persoal investigador, o sanitario, os gobernos, os servizos de seguridade, e moitos empresarios e empresarias.

Neste contexto, o esforzo do sistema universitario de Galicia foi tamén colosal. Na Universidade de Vigo, á que pertenzo, desenvóléronse con dilixencia os cambios necesarios que permitiron asumir unha transformación radical do modelo de ensino de presencial a virtual, e facer fronte ao confinamento sen parar a docencia. Transformación dixital que tivo que ser reforzada con outras medidas non menos transcendentales: a uni-

versidade conseguiu que todo o seu estudiantado tivese os medios e o acceso dixital imprescindible para continuar os seus estudos.

Somos agora unha universidade preparada para o futuro, porque o ensino a través da rede multiplica as nosas opcións. Convertemos a crise nunha oportunidade implementando medidas que solucionaron os problemas a curto prazo orixinados pola pandemia, pero cunha visión a longo prazo, logrando un ensino superior presencial e a distancia a todos os niveis: graos, posgraos, mestrados, cursos de especialista etc. Ademais dos investimentos en seguridade e no control da pandemia, leváronse a cabo importantes investimentos tecnolóxicos que nos permitirán acceder ao estudiantado de calquera lugar xeográfico, así como novos formatos de docencia.

Galicia afronta ao mesmo tempo un reto decisivo: o emprego dos fondos NextGenerationEU para que se produza a plena recuperación da nosa economía e a súa transformación dixital e sustentable. Se a crise financeira de comezos da pasada década se afrontou coas receitas clásicas do Banco Central Europeo, de austeridade e de control da inflación, agora por vez primeira a Unión Europea encarou a pandemia con políticas expansivas e de cohesión interna formidables. Dúas decisións económicas e po-

líticas: obviar os límites do déficit público conxunturalmente e emitir bonos por 800 000 millóns de euros para dispor de recursos financeiros que aceleren a volta ao crecemento. Son fondos que, se se confirma unha distribución razoable polo Goberno de España cara ás autonomías, permitirán que Galicia sexa un actor esencial no cambio de modelo enerxético cara ás enerxías renovables e á dixitalización, ademais de axudar á competitividade de sectores como o alimentario, o textil ou a automoción, cuxo peso no noso PIB é determinante.

Nese cambio dunha economía tradicional a outra dixitalizada e descarbonizada (con menor emisión de CO2), a Xunta de Galicia ofrece políticas razoables e a universidade talento. O reto do futuro da universidade e de Galicia está aí. Necesitamos talento, propio e de fóra; profesorado e estudiantado que elixan as nosas universidades para impartir e recibir formación, e das que saian mozas e mozos capaces de interesarse tanto pola xestión pública coma pola xestión de empresas privadas (a maioría de propiedade familiar). O coñecemento e o desenvolvemento tecnolóxico constitúen a clave do futuro. Sen esquecer que ante todo sexan cidadáns e cidadás responsables de construír o futuro de todos e todas.

Feliz día de Galicia!

**Somos agora unha universidade preparada para o futuro, porque o ensino a través da rede multiplica as nosas opcións**